

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE MARZO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 7 de marzo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
D. Miguel Fidalgo Iglesias
D. Rubén Peña Barceló (asiste ao punto 5)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste ao punto 10a)
D. Gilberto Moldes crespó (asiste ao punto 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Apertura administrativa e técnica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal "Calendario de eventos deportivos" (17.579-333) (emenda da documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 28 de febreiro de 2019, o 4 de marzo, se concedeu un prazo de tres días a EUROCEBRIÁN, S.L. para que emendase a documentación persoal. O citado licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a EUROCEBRIÁN, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Solicitar informe ao servizo xestor en relación coa documentación técnica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:53	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54H-CBD82F-5D3BBH-V1X49P-7HX1N2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 2 e 7 de marzo de 2019, dentro do prazo concedido, o licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., presentou a documentación requirida para a adxudicación. Así mesmo, dá conta de todos os documentos presentados.

A continuación, o vogal D. Miguel Fidalgo Iglesias, solicita a suspensión da adxudicación deste contrato en base a un posible conflito de intereses por parte dun membro da Mesa, manifestando que o administrador de APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L. é á súa vez socio do fillo de D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego e membro da Mesa), D. Pablo Gutiérrez Alfaro, na empresa PRISMA MECHATRONIX. Ambas empresas comparten enderezo social. Ao mesmo tempo, estas empresas comparten enderezo con outra empresa cun obxecto social similar ás anteriores de nome CITIOUS TEAM, S.L. (desta empresa é socio D. Pablo Gutiérrez Alfaro con outro).

Así mesmo, o referido vogal referiuse ao listado de contratos menores adxudicados desde o servizo que xestiona a APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L. nos últimos catro anos.

Á vista das anteriores declaracións, os membros da Mesa acordan deixar este asunto pendente de estudo.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:53	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54H-CBD82F-5D3BBH-V1X49P-7HX1N2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de ELSAMEX, S.A.U. do procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446), acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de febreiro de 2019, por non axustarse a súa carta de compromiso ao proxecto (motivo de exclusión previsto no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	84,86
2	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	83,03

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., o día 22 de febreiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 4 de marzo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de marzo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:53	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54H-CBD82F-5D3BBH-V1X49P-7HX1N2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 e 12 de febreiro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 362.124,46 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 62.848,05 euros.*
- b) *Propón un prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*
- c) *Comprométese ao mantemento do parque infantil por un período de 6 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:53	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54H-CBD82F-5D3BBH-V1X49P-7HX1N2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:53	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA54H-CBD82F-5D3BBH-V1X49P-7HX1N2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		